

## A VISITA

Texto de NÚRIA FIGUERAS

Ilustracións de ANNA FONT

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 22 x 28 cm. 36 páx. 16 €

**A visita** (galego)

ISBN 978-84-1343-259-5. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

**La visita** (castelán)

ISBN 978-84-1343-260-1. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

**La visita** (català)

ISBN 978-84-18558-80-1. Àlbum il·lustrat. Premi Compostela.

**Bisita** (euskara)

ISBN 978-84-9172-358-5. Album irudidunak. Compostela Saria.

**A visita** (português)

ISBN 978-989-749-176-4. Álbum ilustrado. Prémio Compostela.

**La visita** (italiano)

ISBN 978-84-1343-268-7. Albo illustrato. Premio Compostela.

*Antes de marchar, a súa nai díxolle:*

*–Lembra, non lle abras a porta a ningúnén!*

*Deulle unha aperta e saíu.*

*A raposiña quedou soa na cova. Fôra anoitecía,*

*pero aínda se podía ouvir o grallar dos corvos*

*e o rechouchío dos pardais...*

Axúdanos a reflexionar, a practicar a introspección, a escoitarnos, coñecernos e saber que sentimos. «A visita», a obra de Núria Figueras e Anna Font distinguida co XVI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, vén poñer en valor o silencio como algo positivo.

Desoíndo as indicacións da súa nai, a raposiña que protagoniza esta fermosa historia deixa entrar o Silencio na súa cova.

Tralo temor a unha presenza que inicialmente a intimida, resulta ser un hóspede moi especial que lle aprende a bailar ao compás do seu corazón e a escoitar os seus pensamentos.

Estamos ante un relato delicioso, orixinal e necesario que ofrece múltiples lecturas. Non só toma pinceladas dos contos clásicos; tamén desprega un diálogo áxil e cheo de tenrura entre ambos os personaxes e, a través dos recursos literarios que emprega, anima as lectoras e os lectores a tomar conciencia do seu mundo interior, a gozar desas sensacións, a redescubrir a súa propia esencia.

Aínda que transcorre en plena noite, as páxinas de «A visita» son luminosas e coloridas: dende un bosque de vexetación esquemática, cun cromatismo exuberante e repleto de matices, adentrámonos nun cálido tobo onde destaca a simpática figura da raposa e o trazo sinxelo co que se resolve a representación de algo tan intanxible e invisible como o silencio; un minimalismo gráfico extensible ademais a outros elementos simbólicos como os latexos do corazón e o pensamento.

Porque nesta sociedade saturada de ruído e contaminación acústica, a calma, a quietude e mesmo a soidade achegan outro xeito de enfocar a vida cotiá.



- **Temática:** o silencio, a soidade.
- **Idade recomendada:** dende 4 anos.
- **Aspectos destacables:** os sons, a escoita, autoconsciencia, relaxación, movemento *slow*; comunicación, emocións; natureza, bosque, animais; da ilustradora de «[Nas de pallasso](#)».
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-visita-g>

### Núria Figueras

(Cornellà de Llobregat, 1972)

Ten escrito varios libros para público infantil e xuvenil. Licenciada en Ciencias da Información, actualmente é editora da revista infantil *El Tatano, el Cavall Fort dels petits*. A súa obra foi recoñecida cos premios Mercè Llimona (2002) e Comte Kurt (2003).

### Anna Font

(Barcelona, 1973)

Formouse artisticamente na Escola de la Dona e no Centre Universitari de Disseny i Art de Barcelona. Publicou varios libros ilustrados, polos que recibiu os premios Vila de Tèrmens (2021) e Serra d'Or (2020); foi finalista no certame da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña en 2020 e 2021. Tamén colabora nas revistas *El Tatano* e *Pantera*, ademais de compaxinar o seu traballo coa docencia.

<http://www.annafont.net>

